



**Departamento de Cultura**  
Biblioteca Municipal  
A Perillana, 09 - 11  
36860 Ponteareas  
e-mail: [departamentocultura@ponteareas.es](mailto:departamentocultura@ponteareas.es)  
Teléfonos: 986/661674.

**BASES DE SUBVENCIONS PARA ACTUACIONES QUE SE REALIZARAN NOS CENTROS CULTURAIS E CASAS CULTURAIS DE PONTEAREAS**  
**Plan Cultural Municipal para o ano 2015.**

**1.-OBXECTO**

*O Concello de Ponteareas no seu afán de impulsar e fomentar as actuacións dos grupos e agrupacións musicais e culturais do noso termo municipal, así como de pontenciar e dotar de actividades culturais e musicais aos centros culturais de Ponteareas, pon en marcha o PLAN CULTURAL MUNICIPAL, mediante o cal retribuirá aos grupos polas actuacións autorizadas e realizadas ao longo do ano 2015, coas contías que se establecen para este fin na base 7, e que se imputarán con cargo á partida 33000/480/15 do orzamento municipal.*

**2.-DESTINATARIOS**

*Co fin de contribuír á difusión e á promoción da música, o folclore, o teatro e demais manifestacións artísticas, poderán solicitar a inclusión neste Plan Cultural Municipal as seguintes agrupacións do termo municipal de Ponteareas: bandas de música, masas corais, grupos folclóricos, bandas de gaitas, grupos de gaitas, grupos de teatro, grupos rock, grupos de pandereiteiras, etc.*

**3.-LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN**

*As solicitudes formalizaranse no modelo normalizado que se facilitará no Departamento de Cultura do Ilmo. Concello de Ponteareas, ou na páxina web do concello: [www.ponteareas.es](http://www.ponteareas.es), xunto coa documentación prevista na base 4, e presentarse no Rexistro de Entrada do Concello de Ponteareas.*

*O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais e comezará a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.*

**4.-DOCUMENTACIÓN**

*Para seren incluídos neste Plan Cultural Municipal presentarán a seguinte documentación:*

- a.- Fotocopia do CIF da entidade.*
- b.- Certificación da conta bancaria*
- c.- Relación nominal de compoñentes e DNI*
- d.- Fotografía da agrupación en formato dixital*

*De conformidade co establecido no art. 35.f da Lei 30/1992, do 26 de novembro, a documentación sinalada nos apartados anteriores non se terá que presentar se xa se entregou no Departamento de Cultura do Concello de Ponteareas nos últimos cinco anos e sempre que non houbese variación nela.*

## 5.-CLASIFICACIÓN

- a.- Bandas de música
- b. - Agrupacións corais
- c.- Orquestras de cámara
- d. -Bandas de gaitas
- e.- Grupos de gaitas
- f.- Grupos folclóricos
- g.- Grupos de pandeireteiras
- h.- Grupos de teatro
- i.- Grupos de playback
- j.- Ranchos de Reis
- k.- Charangas
- l.- Grupos rock
- m.- Grupos de baile moderno
- n.- Grupos de metais, madeira, corda, etc

## 6.- SELECCIÓN

A selección e inclusión dos grupos peticionarios levaraa a cabo o Departamento de Cultura, que poderá solicitar o asesoramento necesario, a través de informes técnicos e/ou de expertos na materia, propoñéndolle ao órgano competente a súa aprobación definitiva.

## 7.-RETRIBUCIÓN

Cada actuación será subvencionada e retribuída cunha achega do concello do 75% do caché do grupo ou agrupación. Cada centro cultural deberá achegar o 25% restante, tal como se especifica na seguinte táboa.

Grupos	Achega do centro cultural	Subvención do concello	Caché	Total subvención	nº act.
<b>A.-BANDAS DE MÚSICA</b>					
Bandas de música	200,00	600,00	800,00	2.400,00	4
Bandas de escolas de música	75,00	225,00	300,00	900,00	4
<b>B.-CORAIS</b>					
Agrupacións corais	75,00	225,00	300,00	1.350,00	6
<b>C.-ORQUESTRAS DE CÁMARA</b>					
Orquestras de cámara	75,00	225,00	300,00	450,00	2
<b>D.-BANDAS DE GAITAS</b>					
Bandas de gaitas	75,00	225,00	300,00	450,00	2
<b>E.-GRUPOS DE GAITAS</b>					
Grupos de gaitas	37,50	112,50	150,00	900,00	8
<b>F.-GRUPOS FOLCLÓRICOS</b>					
Grupos folclóricos	62,50	187,50	250,00	1.500,00	8
<b>G.-GRUPOS PANDEIRETEIRAS</b>					
Grupos de pandeireteiras	50,00	150,00	200,00	1.200,00	8

**H.-GRUPOS DE TEATRO**

Grupos de teatro	75,00	225,00	300,00	675,00	3
------------------	-------	--------	--------	--------	---

**I.-GRUPOS DE PLAYBLACK**

Grupos de playblack	37,50	112,50	150,00	225,00	2
---------------------	-------	--------	--------	--------	---

**J.-RANCHOS DE REIS**

Ranchos de reis	50,00	150,00	200,00	450,00	3
-----------------	-------	--------	--------	--------	---

**K.-CHARANGAS**

Charangas	50,00	150,00	200,00	600,00	4
-----------	-------	--------	--------	--------	---

**L.-GRUPOS DE ROCK**

Grupos de rock	50,00	150,00	200,00	600,00	4
----------------	-------	--------	--------	--------	---

**M.-GRUPOS DE BAILE MODERNO**

Grupos de baile moderno	37,50	112,50	150,00	225,00	2
-------------------------	-------	--------	--------	--------	---

**N.-OUTROS GRUPOS**

Grupos de metais, madeira, corda, etc.	37,50	112,00	150,00	450,00	4
--	-------	--------	--------	--------	---

Importe total achegado polo concello e número de actuacións previstas 12.375,00 64

Total presupostado e reservado para gastos do Plan Cultural Municipal que se desenvolverá ao longo do ano 2015: 12.375,00 euros

As subvencións recollidas nestas bases concederanse con cargo a partida 33000/480/14 do orzamento municipal do ano 2015. A concesión das axudas queda sometida á condición de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

**8.- SOLICITUDE DE ACTUACIÓNS**

Os centros e casas culturais integrados dentro da Rede de Centros Culturais de Pontearreas, como organizadores dos actos, deben poñerse en contacto co Departamento de Cultura do Concello de Pontearreas para que se lle facilite a relación de agrupacións inscritas. A relación de grupos que formán parte do Plan Cultural do ano 2015 tamén estará a disposición dos interesados na páxina web do Concello de Pontearreas no apartado de Cultura, xunto con outros documentos relacionados coa solicitude de grupos, bases, modelo de factura, etc.

As solicitudes dos centros e casas culturais realizaranse cunha antelación mínima de 30 días á data prevista para celebrar a actuación. A cada centro ou casa cultural concederáselle dúas, ou como máximo tres, actuacións ao longo do ano con cargo ao Plan Cultural Municipal. A distribución de actuacións realizarase de acordo coa táboa que figura no art. 7, tratando de facer unha distribución proporcional entre todos os grupos e agrupacións.

Os centros culturais e casas culturais adxudicatarios de cada actuación están obrigados a facer mención, na súa propaganda e publicidade que confeccionen, do patrocinio do acto por parte da Concellería de Cultura do Concello de Pontearrea, así como aboarlle á agrupación a parte correspondente que debe achegar cada centro cultural; obriga que, de non producirse, deixará sen efectos a subvención aprobada.

**9.-OBRIGAS DAS AGRUPACIÓNS**

As agrupacións seleccionadas comprométense e obríganse a executar as actuacións que lles asigne o Concello nos distintos centros culturais e soamente en casos de forza maior, debidamente xustificadas, quedarán exentas do dito compromiso.

#### **10.-PAGAMENTO**

*O pagamento das actuacións efectuarase unha vez acreditada a súa realización e unha vez presentada a factura, no modelo oficial facilitado polo Departamento de Cultura. A factura deberá estar debidamente cuberta e coa conformidade do centro cultural beneficiario no que se realizou a actuación. Esta documentación presentarase no prazo máximo de 30 días, dende a data da actuación, quedando sen efecto, se transcorre o dito prazo.*

*Os solistas e as agrupacións representadas por persoas físicas practicarán na factura a retención do IRPF, aplicable segundo a lexislación vixente (R.d.l. 3/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do imposto da renda das persoas físicas) e a lexislación de desenvolvemento.*

#### **11.-VIXENCIA**

*Estas bases de subvencións, destinadas a subvencionar actividades nos centros culturais e casas culturais de Ponteareas, terán vixencia ao longo do ano 2015, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

#### **12.-DEREITO SUPLETORIO**

*Para o non establecido nas presentes bases serán de aplicación as bases de execución do orzamento municipal e demais lexislación aplicable.*

*Ponteareas, xaneiro de 2015.*

*Andrés Sampedro Fernández  
Concelleiro de Cultura, Educación e Turismo.*